



BASES XXVI EDICIÓN CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL 2024

Coa finalidade de involucrar aos escolares do noso concello nas dinámicas do consistorio, e querendo premiar a súa implicación e creatividade así como promover o espírito do Nadal; convocamos o XXVI Concurso de Postais de Nadal do Concello de Santa Comba 2024.

1. Obxecto

A creación dun debuxo que represente os valores do Nadal e das festividadeas a el asociadas, para que a imaxe sexa empregada para a maquetación da postal que será empregada polo Concello de Santa Comba como felicitación institucional do Nadal 2024.

2. Participantes

Poderán participar os nenos e nenas que vivan no Concello de Santa Comba, con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos e que estean escolarizados nun dos centros de educación infantil ou primaria do municipio. Tamén se aceptarán as creacións daqueles nenos que, vivindo no noso concello, pertencen a centros escolares doutros municipios. Cada participante poderá presentar unha obra.

3. Tema

A temática principal será **O NADAL** e as festividadeas asociadas ao mesmo. Valorarase a creatividade, a orixinalidade e, sobre todo, a capacidade da obra para plasmar unha mensaxe relacionada con valores positivos de paz, amor, tolerancia e inclusión. Así mesmo, tamén se terá en conta a incorporación de elementos relacionados coa tradición e a idiosincrasia propia do noso concello.

4. Formato

As obras, orixinais e inéditas, terán que presentarse en formato A4. A técnica será libre, pero serán excluídas as propostas tipo “*collage*”, que presenten elementos que sobresaian da páxina, que utilicen purpurina ou calquera outro elemento que sexa imposible reproducir de forma fidedigna á hora de efectuar o proceso de maquetación para a creación da postal.

5. Identificación:

De forma obrigatoria, cada obra terá que vir asinada no seu reverso con un pseudónimo e a idade e terá que presentarse acompañada dun sobre no que figuren os datos seguintes: no exterior o pseudónimo que aparece no reverso da obra; no interior, o nome, teléfono, lugar de residencia e centro educativo do autor ou autora.

6. Prazos e lugar de presentación

As obras deberán ser presentadas na Casa da Cultura (Departamento de Cultura), antes do día 29 de novembro. Poderán entregalas o persoal dos centros escolares así como os autores da obra ou os pais dos mesmos.

O xurado fará unha selección de 50 obras.

7. Premios

A obra escollida será utilizada para elaborar a postal de felicitación institucional do Concello e o nome do seu autor ou autora aparecerá en todos os envíos que se fagan da mesma.

O ganador ou ganadora, ademais do segundo/a e terceiro/a clasificado, recibirán un agasallo e un diploma.

8. Xurado

O xurado será designado polo Alcalde-Presidente do Concello de Santa Comba. A decisión do xurado será inapelable e farase pública o día 3 de decembro de 2024.

9. Entrega de agasallos e exposición das obras

A entrega de agasallos e diplomas terá lugar o día 5 de decembro, no acto de acendido de luces de Nadal. As obras seleccionadas polo xurado serán expostas durante a época do Nadal na Casa da Cultura.

10. Notificación aos gañadores

Os premiados serán informados a través do número de teléfono que faciliten. Tamén serán publicados na páxina web do concello.

11. Tratamento de datos de carácter persoal

Os datos obtidos a través do concurso serán tratados de conformidade con estas bases, e a súa utilización e tratamento estarán condicionados ao cumprimento das mesmas.

12. Aceptación das bases

A presentación das obras a este concurso implica a aceptación destas bases, máis concretamente a aceptación da decisión que adoite o xurado (incluso naqueles aspectos non previstos nos puntos anteriores), así como a autorización para a exposición e utilización das obras presentadas e a difusión do nome das persoas ganadoras.

Santa Comba, na data da sinatura electrónica. (Decreto nº 1723/2024 de data 08/11/2024)

O alcalde,

Alberto Romar Landeira